



Vista a Resolución Reitoral de 29 de maio de 2015, pola que se publica a convocatoria de matrícula da Universidade de Vigo para o curso académico 2015/2016 para as ensinanzas de grao e titulacións a extinguir.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións ao listado provisional de admitidos/as para formalizar a súa matrícula ao curso de adaptación ao Grao de Fisioterapia e de acordo coa Resolución anterior, este Decanato,

**RESOLVE:**

1. Facer público o **listado definitivo de admitidos/as** para formalizar a súa matrícula,

APELIDOS	NOME
GARCÍA IGLESIAS	MARÍA BELÉN

2. Convocar os/as admitidos/as do **3 ao 21 de agosto de 2015** para a formalización da súa matrícula (a través da páxina web: [www.uvigo.es](http://www.uvigo.es)). Transcorrido o mencionado prazo sen que se efectúe a matrícula, decaerá no seu dereito e arquivarase o expediente sen máis trámite.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso perante a Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á publicación desta resolución que se fai no taboleiro de anuncios da Facultade de Fisioterapia de Pontevedra.

Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpor contra esta resolución, recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes mencionado, mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 4/99 do 13 de xaneiro modificadora da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Común.

Pontevedra, 31 de xullo de 2015

O REITOR

Por delegación (R.R. de 29 de maio de 2015)

A DECANA



Eva María Lantarón Caeiro

Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publica no taboleiro de anuncios da Facultade de Fisioterapia con data 31 de xullo de 2015.

A Xefa de Negociado,

Clara Pérez Quiñones

11 SET 2015

Saída Nº ..... 129 .....

Vista a Resolución Reitoral de 29 de maio de 2015, pola que se publica a convocatoria de matrícula da Universidade de Vigo para o curso académico 2015/2016 para as ensinanzas de grao e titulacións a extinguir.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións ao listado provisional de admitidos/as para formalizar a súa matrícula ao curso de adaptación ao Grao de Fisioterapia e de acordo coa Resolución anterior, este Decanato,

### RESOLVE:

1. Facer público o **listado definitivo de admitidos/as** para formalizar a súa matrícula,

APELIDOS	NOME
MATEOS GONZÁLEZ	LAURA
RAMOS GÓMEZ	FERNANDO
SEIJO ARES	ANDREA

2. Convocar os/as admitidos/as do **14 ao 18 de setembro de 2015** para a formalización da súa matrícula (a través da páxina web: [www.uvigo.es](http://www.uvigo.es)). Transcorrido o mencionado prazo sen que se efectúe a matrícula, decaerá no seu dereito e arquivarase o expediente sen máis trámite.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso perante a Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á publicación desta resolución que se fai no taboleiro de anuncios da Facultade de Fisioterapia de Pontevedra.

Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpor contra esta resolución, recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes mencionado, mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 4/99 do 13 de xaneiro modificadora da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Común.

Pontevedra, 11 de setembro de 2015

O REITOR

Por delegación (R.R. de 29 de maio de 2015)

A DECANATA

Eva María Lantarón Caeiro



Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publica no taboleiro de anuncios da Facultade de Fisioterapia con data 11 de setembro de 2015.

A Xefa de Negociado,

  
Clara Pérez Quiñones